Marta Giráldez Barral (1 para 2)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 11/11/2026
HASH: fa951f6f810382004f0aaad453b59ec9

MARÍA GÓMEZ GARCÍA (2 para 2)
Secretaria-interventora
Data de Sinatura: 11/11/2026
HASH: 30cd991a892d66e6b80dadbda9f5131b

Serie documental:S0320 – Expediente de concurso-oposición
N. Expediente: 1370/2026
Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
Asunto: Proceso selectivo para a contratación por substitución por vacante na categoría de operario de servizos múltiples e formación dunha listaxe de agarda

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

Primeiro.- O día 9 de decembro de 2026 quedará vacante, por xubilación da persoa titular, un dos postos de operario/a de servizos múltiples adscritos á área de obras e servizos deste Concello. As funcións do posto comprenden, entre outras, o mantemento e conservación de edificios, vías e espazos públicos (albanelería, mecánica, pintura e xardinaría), o bacheado de camiños, a execución de reformas e pequenas construcións, o mantemento da rede municipal de augas e do saneamento, o control das EDAR e das ETAP, a lectura de contadores, o control do mercado municipal e a responsabilidade da feira do gando.

Segundo.- Trátase de funcións esenciais para a prestación continuada de servizos públicos básicos á veciñanza, polo que resulta imprescindible dispoñer dun procedemento de selección áxil que permita cubrir temporalmente a vacante, con carácter excepcional, ata a súa cobertura definitiva, así como contar cunha lista de agarda que garanta a continuidade do servizo.

Terceiro.- Consta no expediente a proposta de aprobación das bases formulada pola Concellaría de Persoal con data 10 de novembro de 2026.

Cuarto.- Consta igualmente o informe de fiscalización previa (fase A) da Intervención municipal, de data 11 de novembro de 2026, emitido en sentido favorable.

Quinto.- Figura no expediente o texto das bases reguladoras do procedemento de selección, mediante o sistema de concurso-oposición e acceso libre.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O artigo 10 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, establece os catro supostos que xustifican o nomeamento de funcionarios interinos: a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira, a substitución transitoria dos titulares, a execución de programas de carácter temporal e o exceso ou acumulación de tarefas. A redacción vixente deste artigo deriva das reformas introducidas polo Real Decreto-lei 14/2021, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Segundo.- A contratación de persoal laboral temporal réxese polo artigo 15 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, na redacción dada polo Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo. A disposición adicional cuarta deste último —réxime aplicable ao persoal laboral do sector público— prevé a posibilidade de que as administracións públicas subscriban contratos de substitución para cubrir temporalmente un posto de traballo ata que finalice o proceso

DECRETO
Número: 2026-0770 Data: 11/11/2026

Cod. Validación: 7LCQSTK32Y62A72AKRWEJNFRK
Corrección: https://meis.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

de selección para a súa cobertura definitiva, de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade e nos termos da Lei 20/2021.

Terceiro.- Este marco complétase, anualmente, coas leis de orzamentos xerais do Estado, que regulan a oferta de emprego público e a taxa de reposición de efectivos, e coa disposición adicional décimo sétima do TREBEP, sobre medidas dirixidas ao control da temporalidade no emprego público. O nomeamento de persoal interino e a contratación de persoal laboral temporal esixen, por tanto, fixar criterios e procedementos que aseguren o cumprimento das previsións legais, así como a eficacia e eficiencia da selección.

Cuarto.- Os procedementos de selección de persoal, tamén o temporal, deben respectar os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia, así como a axilidade na súa tramitación (artigos 55 e 61 do TREBEP e artigo 91.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local), na liña do establecido na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Quinto.- De conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Alcaldía aprobar as bases das probas para a selección do persoal.

Sexto.- Os artigos 214 e 219 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, someten os actos de contido económico á función interventora. O informe de fiscalización previa (fase A) resultou favorable.

Sétimo.- O artigo 6 do Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, esixe a publicación íntegra das bases das convocatorias de selección de persoal local no Boletín Oficial da Provincia.

Visto canto antecede, e en uso das atribucións que me confire a lexislación vixente, esta Alcaldía

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria e as bases reguladoras do procedemento de selección, mediante o sistema de concurso-oposición e acceso libre, para a provisión dunha praza de operario/a de servizos múltiples, en réxime de persoal laboral temporal, mediante contrato de substitución por vacante derivada da xubilación da persoa titular, a tempo completo e ata a súa cobertura definitiva, conforme ao disposto no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, e na disposición adicional cuarta do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro.

SEGUNDO.- Aprobar a constitución dunha lista de agarda para futuras contratacións temporais da mesma categoría, nos termos previstos nas bases.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto derivado da contratación, con cargo ás aplicacións orzamentarias 450/13000-13002 – 450/16000 do orzamento municipal vixente (fase A), condicionado á formalización do correspondente contrato.

CUARTO.- Dispoñer a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro da anuncios da Sede Electrónica do concello [http://meis.sedelectronica.gal]; publicándose o texto íntegro das presente bases, completas, na Sede Electrónica e páxina web do Concello: www.meis.gal.

DECRETO
Número: 2026-0770 Data: 11/11/2026

Cod. Validación: 7LCQSTK32Y62A72AKRWEJNFRK
Corrección: https://meis.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

QUINTO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na seguinte sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

SEXTO.- Trasladar a presente Resolución á Concellaría de Persoal, á Intervención e ao Departamento de Persoal para o seu coñecemento e efectos oportunos.

A convocatoria coas súas bases e cantos actos administrativos se deriven dela, poderán ser impugnadas polas persoas interesadas ante a Xurisdición Social. Contra a convocatoria e as súas bases, que esgota a vía administrativa, poderá formalizar demanda, no prazo de dous meses, perante o xulgado do Social de Pontevedra, ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, á que acompañará copia da resolución denegatoria ou documento acreditativo da interposición ou resolución do recurso administrativo, segundo proceda, unindo copia de todo iso para a entidade demandada, en virtude do disposto no artigo 69.2 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da Xurisdición Social. Así mesmo, poderá exercitarse calquera outro recurso que se considere pertinente.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa-Presidenta, en Meis, na data que figura á marxe deste documento asinado electronicamente, do que a Secretaría toma razón aos únicos efectos de dar fe pública e transcrición ao Libro de Resolucións.

A Alcaldesa
Asdo.: Marta Giráldez Barral

A Secretaria-Interventora
Asdo.: María Gómez García

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

DECRETO
Número: 2026-0770 Data: 11/11/2026

Cod. Validación: 7LCQSTK32Y62A72AKRWEJNFRK
Corrección: https://meis.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3